



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

### **ANUNCIO DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO ANO 2018.**

A Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión de 30 de abril de 2018, aprobou o padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do ano 2018, composto por un total de 5.459 recibos.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, o padrón aprobado expónse ao público nas oficinas do concello durante 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Esta exposición, por prazo de quince días dende a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Contra as liquidacións incorporadas ao padrón, tódolos interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante a Xunta de Goberno Local, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao remate da exposición ao público do padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO -ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución expresa ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

O prazo de cobro en período voluntario abranguerá dende o día **3 de xullo ata o 3 de outubro de 2018**. O pago realizarase mediante domiciliación bancaria ou en efectivo na conta que ten aberta o Concello na entidade bancaria: La Caixa.

Transcorrido o período de cobro sinalado, iníciase o período executivo que determina o dereito a percibir a recarga de prema e os xuros de demora, de acordo co previsto no art. 28 da Lei Xeral Tributaria. Satisfarase a recarga do 5% cando se ingrese totalmente a débeda tributaria antes da notificación da providencia de prema, sen que se esixan xuros de demora; satisfarase o 10% cando se ingrese totalmente a débeda tributaria con posterioridade á notificación da providencia de prema, e dentro do prazo establecido pola mesma, sen que se esixan xuros de demora; satisfarase o 20% cando non se ingrese a totalidade da débeda tributaria ou con posterioridade ao prazo concedido na providencia de prema, e se esixirán xuros de demora que correspondan ao inicio do período executivo.

Outes, 3 de maio de 2018.

A ALCALDESA,

Asdo.: María Beatriz Molinos Vidal.